



escola de arte e superior de deseño
Ramón Falcón . Lugo

**A Escola de Arte e Superior de Deseño “Ramón Falcón” de Lugo convoca o:
“VI CONCURSO DE POSTAIS MULTIMEDIA DE NADAL 2018”**

Bases do concurso:

1- Obxectivo:

Deseño dunha postal multimedia de felicitación do Nadal destinada a ser usada como tal pola Escola.

2- Participantes:

O concurso estará aberto a todos os alumnos (ou grupo de participantes) matriculados, neste curso no centro:

- Ensinanzas Superiores de Deseño Gráfico.
- Ensinanzas Superiores de Deseño de Interiores.
 - CFGS Fotografía.
- CFGS Gravado e Técnicas de Estampación.
 - CFGS Cerámica Artística.
 - CFGM Serigrafía Artística.

3- Proposta, material a entregar:

- Cada participante (ou grupo de participantes) deberá presentar unha obra orixinal e inédita.
- A proposta deberá facer alusión e reflexar ó espírito do Nadal.
- A postal deberá incluír o logotipo da escola que se facilitará polo centro.
- Nos textos e diálogos que se empreguen deberá utilizarse necesariamente a lingua galega.
- A postal deberá ter unhas dimensións de 1920 x 1080.
- Os formatos de arquivo admitidos son: mpeg, avi, mov, mp4 ou gif.
- No caso de que o arquivo de video teña un peso superior aos 50 Mb, o participante poderá entregar unha versión en baixa resolución da postal. De facelo así, e de resultar gañador, o centro requerirá o arquivo orixinal, en alta resolución.

-A felicitación non poderá incorporar materiais de terceiros (imaxes, sons...) suxeitos a copyright. De facelo, deberá probarse a xestión de cesión de dereitos para o uso que se lle vai dar a este traballo.

-Os alumnos participan no concurso baixo un pseudónimo elixido co fin de manter o seu anonimato. Deberase entregar un arquivo comprimido en .zip. nomeado co seudónimo co que o alumno ou grupo de alumnos participan no concurso (exemplo: seudonimo.zip). O contido desta carpeta será o seguinte:

-O arquivo de video

-Outra carpeta .zip que conteña un arquivo de texto en formato .doc (datos.doc) cos datos do alumno ou grupo de alumnos: Pseudónimo utilizado para participar no concurso; nome e apelidos de todos os integrantes; estudos que cursan no centro; curso ao que pertencen; dirección; teléfono e dirección de correo electrónico.

Os arquivos que sexan entregados e non cumpran estas condicións serán automaticamente descartados.

Unha vez se produza o veredicto do xurado, procederase a abrir de xeito público o arquivo .zip que contén os datos dos gañadores do concurso.

Os arquivos poden ser enviados directamente ao correo electrónico postaisnadalramonfalcon@gmail.com. No caso de que os arquivos teñan un peso excesivo e non poida realizarse a entrega por este método, poderán utilizarse servizos alternativos como wetransfer, dropbox...

Unha vez recibido e descargado o arquivo, os participantes recibirán un mail de confirmación desde a dirección de correo electrónico postaisnadalramonfalcon@gmail.com

4-Presentación dos traballos:

O prazo de admisión dos mesmos estará aberto ata o xoves 30 de novembro.

5-Xurado e veredicto.

O xurado estará composto por cinco profesores, ademais dun representante da dirección da escola, mais o secretario do centro que actuará sen voz nin voto.

6-Propiedade intelectual:

A postal premiada quedará en propiedade exclusiva e permanente da Escola, a cal terá liberdade para usala convenientemente.

7-Premio:

O gañador ou gañadores do concurso e 1º premio recibirán 125 € e unha acreditación escrita.

Ademais, outorgarase un 2º premio que recibirá 75 € e unha acreditación escrita.

Finalmente poderá outorgarse un accésit sen remuneración económica cunha acreditación escrita.

Seleccionaranse algunhas das obras presentadas para realizar unha exposición virtual a través das redes sociais e na páxina Web da Escola.

8-Aceptación das bases:

A participación no concurso levará implícita a asunción das bases e o fallo do xurado.

O centro resérvase o dereito de descartar aqueles traballos que poidan atentarse contra o dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe, á dignidade da persoa, ao principio de non discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, así como outros principios fundamentais que poidan resultar vulnerados.

Por outra banda, os participantes, que garantizan ser os únicos autores da obra que presentan, otorgan o seu consentimento para que a Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón utilice o traballo gañador coa finalidade de felicitar as festas sin que supoña unha contraprestación adicional alguha para o gañador, máis alá do que as bases estipulen como premios.

En caso de aparecer persoas na postal, éstas aceptarán, por escrito, a cesión dos seus dereitos da imaxe á EASDRF para este fin, así como que a postal poida ser exhibida a través da Web da escola e da canle de youtube do centro e doutras redes sociais. O autor do proxecto será o responsable de comprobar que se cumpla este requisito. Por iso, o centro poderá requerir os documentos firmados polos AIE no caso de resultar gañadora. De haber algunha dúbida ou consulta ao respecto, pódese enviar unha mensaxe a postaisnadalramonfalcon@gmail.com